

## PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

### XURADO DO VI CERTAME DE POESÍA ERÓTICA “ILLAS SISARGAS”

Reunido o xurado do VI Certame de Poesía Erótica Illas Sisargas, en Santiago de Compostela, o día 11 de novembro de 2011 ás 15.00 h. estando presentes:

Sr. Antón Lois Noceda Carballo, Animador Sociocultural do Concello de Malpica, Presidente do xurado do VI Certame de Poesía Erótica “Illas Sisargas”

Sr. Francisco Quiroga López, Presidente da A.C. Caldeirón, 1º vocal do xurado do VI Certame de Poesía Erótica “Illas Sisargas”

Sra. María Lado Lariño, gañadora do V Certame de Poesía Erótica Illas Sisargas, 2º vocal do VI Certame de Poesía Erótica “Illas Sisargas”

E a Secretaria do xurado: Sra. Isabel Fernández Deus

Logo de ver as bases do VI Certame de Poesía Erótica “Illas Sisargas”

Logo de ver as 16 obras presentadas e despois de deliberar sobre as características de cada unha delas, os tres membros do xurado seleccionan por unanimidade a que leva por título *carnia haikai*, valorando a estrutura orixinal e ben tramada dun libro con moita entidade propia, a concreción na temática de referencia, o sorprendente uso da linguaxe e o tratamento orixinal e suxerente da sensualidade.

Por todo isto propoñen:

- a) Obra gañadora do VI Certame de Poesía Erótica Illas Sisargas á titulada *carnia haikai*.

Proposta que se traslada á Alcaldía co obxecto de que resolva o fallo do VI Certame de Poesía Erótica Illas Sisargas.

Santiago de Compostela a 11 de novembro de 2011.

O Xurado